



Programación

Curso 2018/19

Colexio
SAN
PÍO X

Ourense

de ti depende...
depende de ti

ÍNDICE

| | | |
|-----------|--|----|
| 1 | Introdución: E se todo dependese de ti? | 4 |
| 2 | Identidade do centro | 5 |
| 3 | Estilo educativo | 5 |
| | A nosa escola / Proposta educativa | |
| | Comunidade Educativa / Obxectivo do curso 2017/18 | |
| 4 | Organigrama | 7 |
| 5 | Normativa | 8 |
| 6 | Dereitos e deberes do alumnado | 10 |
| 7 | Faltas e sancións | 12 |
| 8 | Calendario Escolar | 14 |
| 9 | Actividades extraescolares, complementarias e recreativas | 15 |
| 10 | Horarios | 16 |
| | Titorías / Equipo directivo: atención ao público | |
| 11 | Servizos ofertados | 16 |
| | Comedor / Acollda matinal | |
| 12 | Anexos: Modelos de xustificación de ausencias ou demoras, solicitude de titorías e tarefas para o curso 2018/19. | 17 |



COLEXIO SAN PÍO X
Ensinamos valores, formamos persoas

1. E SE TODO DEPENDESE DE TI?

“Algo tan pequeno como o bater das ás dunha mariposa pode provocar un furacán ao outro lado do mundo”

Setembro é un mes que os mestres do Colexio San Pío X aproveitamos para definir os obxectivos dunha nova singradura que está a piques de comezar. A enerxía que sempre nos move é o desexo de transmitir valores que lles permitan ao noso alumnado unha formación integral como persoas.

Ao longo deste curso queremos seguir traballando a importancia de valorar a vida como *un agasallo que merece ser compartido* e levar a cabo unha reflexión sobre a pegada que producimos nela.

Debemos espertar nos novos maxíns a consciencia de que cada un de nós somos importantes na medida en que a nosa conduta exerce unha influencia sobre os demais.

De ti depende... depende de ti

- Loitar con esforzo polo que desexas, con valentía e dándolle as costas aos medos que só te deteñen no camiño.
- Amosar o teu amor ás persoas que te acompañan cada día.
- Debuxar, coa túa forma de ser, un sorriso na faciana dos teus compañeiros e compartir momentos de ledicia xuntos.
- Bater as túas ás invisibles de forma constante, imitando á pequena bolboreta, para facer deste mundo un mellor lugar no que vivir.

David Rial

2. IDENTIDADE DO CENTRO



O Colexio San Pío X está situado na Avenida de Zamora nº 98, na cidade de Ourense. Trátase dun centro integrado que ten as seguintes unidades:

3 unidades
EDUCACIÓN INFANTIL

6 unidades
EDUCACIÓN PRIMARIA

Todas as unidades están en réxime de concerto pleno.

3. ESTILO EDUCATIVO E OBXECTIVO XERAL

▶ A NOSA ESCOLA:

O Colexio San Pío X inicia a súa andadura no ano 1967 grazas á iniciativa do entón párroco D. Antonio Vázquez Borrajo. Nun principio conta tan só con catro unidades pero xa no ano 1971 constrúese un novo edificio para seis unidades e ao ano seguinte implántase a EXB completa.

No ano 1992 a titularidade administrativa é cedida aos profesores do colexio que constitúen unha Cooperativa de Ensino, sendo o párroco actual, D. Luis Rodríguez Álvarez, o presidente da mesma desde 2007.

Actualmente o colexio conta cun persoal formado por 14 mestres que atenden as seis unidades de Educación Primaria, tres de Educación Infantil (todas elas concertadas), unha de Audición e Linguaxe e unha de Pedagogía Terapéutica.

▶ PROPOSTA EDUCATIVA:

Facemos unha proposta educativa ao servizo da persoa, buscando valores de alegría e promoción da paz. Todo isto queremos acadalo a través da fraternidade, facendo dos nosos alumnos persoas creativas e responsables. Deste xeito, no futuro teremos persoas que queiran construír unha sociedade máis fraterna e solidaria, máis participativa e democrática, máis comprometida coa xustiza e moito máis crítica, creativa e humanizadora.

► **COMUNIDADE EDUCATIVA:**

Todos os membros da comunidade educativa debemos contribuír, dentro do modelo educativo definido no carácter propio, á mellor marcha da actividade educativa.

► **OBXECTIVO XERAL PARA O CURSO 2018/19.**



4. ORGANIGRAMA



5. NORMATIVA DE CENTRO

1. **ORACIÓN:** Comezamos as clases da mañá cunha oración.
2. **AUSENCIAS:** Toda ausencia debe ser comunicada ao titor por medio dunha nota escrita dos pais ou titores (Véxase: Modelo de notificación de ausencias e demoras). No caso de ausencias reiteradas ou prolongadas por enfermidade será necesario aportar un informe médico. Hai que chegar puntual ás clases, para non interromper o seu desenvolvemento. As demoras reiteradas serán motivo de sanción.
3. **ABSENTISMO:** É a ausencia ao centro do 10% do horario lectivo mensual sen causa debidamente xustificada (Art. 22 Decreto 299/2011) Ausencias que SÍ son xustificables: Citacións que impliquen un deber inescusable; morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao; tramitación de documentos oficiais; indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de dous días lectivos; enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.
4. **INDUMENTARIA:** Todos os alumnos de infantil e primaria asistirán ás clases debidamente aseados e coa vestimenta apropiada. O uso do chándal será obrigatorio para as clases de educación física e nas actividades realizadas fóra do recinto escolar. Prestade atención para non esquecer na casa o material escolar necesario. Tanto o mandilón coma o chándal e as prendas de abrigo deberán vir debidamente marcadas para poder ser identificados en caso de extravío.
5. **APROPIACIÓN INDEBIDA:** Todas as cousas teñen o seu dono. Non te apropias do que non che pertence. Se atopas algo no centro, entrégallo ó titor/a. O colexio non se responsabiliza do diñeiro ou obxectos de valor que extravíen os alumnos/as.
6. **MATERIAL:** Non está permitido o uso de material que non teña relación coas actividades escolares e extraescolares (móviles, aparellos

electrónicos, etc.). Os obxectos recollidos non se devolverán ata o final do curso.

7. **ESTRAGOS:** Sé responsable das cousas que se che confían e das que poidas aproveitar, coma instalacións, material escolar, deportivo... Os estragos causados polos comportamentos inadecuados correrán a cargo dos alumnos/as.
8. **VOCABULARIO:** Que a túa linguaxe sexa propia dunha persoa educada: coida de non dicir palabras malsoantes, insultos, etc.
9. **RESPECTO:** Nas entradas e saídas respecta aos teus compañeiros: non corras, non berres nin empurres, sobre todo nas escaleiras.
10. **ORDE:** Para lograr un ambiente máis agradable, mantemos limpa e ordenada a clase. Utilizaremos a papeleira no patio.
11. **ENTRADA E SAÍDA:** Os pais e titores dos alumnos de infantil e primaria non pasarán ás clases. Deixarán os nenos na entrada do patio. Comproba que non esqueces nada na aula pois non se permitirá entrar unha vez rematada a xornada escolar (14:00h).
12. **CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS:** Non se admitirán bolsas preparadas cheas de golosinas. Unha bolsa de *gusanitos*, un *chupachus* ou similar é suficiente.

6. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Os dereitos do alumnado están recollidos, xunto cos deberes, no *Real Decreto 732/1995 do 5 de maio*. O centro dará difusión a ese documento e será polo que se rexerá nos casos de conflitos que non aparezan tipificados neste regulamento.

DEREITOS DO ALUMNADO

O exercicio dos dereitos dos alumnos implica o respecto aos dereitos dos demais membros da Comunidade Educativa.

1. Todos os alumnos/as teñen os mesmos dereitos. Todos alumnos/as teñen dereito ás mesmas oportunidades: non discriminación por raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas ou discapacidades físicas ou psíquicas. Este centro establecerá as medidas oportunas para que ningún alumno/a se vexa discriminado.
2. O Consello Escolar velará polo correcto exercicio dos dereitos e deberes dos alumnos e dentro del funcionará a Comisión de Disciplina que resolverá todas aquelas situacións conflitivas máis comúns.
3. Teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade, desenvolvemento que esixe unha xornada de traballo acomodada á súa idade e unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.
4. Dereito a ser avaliados con obxectividade de acordo aos criterios empregados nos contidos mínimos de cada materia. Sen prexuízo disto o alumnado poderá aclarar cos seus titores aqueles aspectos relativos a contidos e avaliacións que non estean claros. Os profesores/as deberán mostrar as probas escritas aos alumnos/as que as soliciten así como explicar o por que da cualificación obtida. Contra as cualificacións ou decisións que se adopten ao rematar un ciclo ou curso os alumnos/as ou os seus titores/as legais poderán reclamar, dentro dos prazos establecidos. As reclamacións faranse sempre tendo en conta á non adecuación da proba ós obxectivos ou contidos ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación. A solicitude destas reclamacións por parte dos alumnos ou titores deberán presentarse por escrito na Secretaría do Centro no prazo previamente anunciado. En ningún caso se permitirá falta algunha de respecto ou cuestionar a profesionalidade do profesor; de non manterse o debido respecto, poderá terse en conta á hora da admisión do alumno no centro.
5. Todos os alumnos/as teñen dereito a que as súas actividades académicas se desenvolvan nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
6. Dereito a que se respecte a liberdade de conciencia, conviccións morais, relixiosas e ideolóxicas así como á intimidade no que atinxe a tales crenzas ou conviccións.
7. Dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto en ningún caso de tratos vexatorios e degradantes.

8. Dereito a que o centro manteña unha actitude de reserva con aquela información relativa ás súas circunstancias persoais e familiares.
9. Dereito á liberdade de expresión sempre con debido respecto ás institucións e ós seus membros.
10. A ser informados sobre as bolsas que a Administración pon á súa disposición.
11. En caso de accidente ou enfermidade prolongada os alumnos/as contarán cun apoio específico para que, no posible, non supoña detrimento do seu rendemento escolar.

DEBERES DO ALUMNADO

O principal deber do alumnado é aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición: durante as clases o alumnado deberá manter unha actitude de participación e colaboración evitando todo o que poida perturbar o desenvolvemento da mesma.

Ademais teñen os seguintes deberes:

1. Seguir as orientacións do profesorado e amosarlle o debido respecto e consideración.
2. Os alumnos/as non poderán saír do recinto do centro durante o horario lectivo.
3. Teñen o deber de asistir a clase con puntualidade.
4. Os alumnos que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións do centro ou ao seu material, quedan obrigados a reparar o dano causado e a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente o alumnado que substraese bens do centro, deberán restituilos. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos/as serán responsables civís nos termos previstos nas leis.
5. Ningún alumno/a poderá permanecer nos corredores, escaleiras ou lavabos nas horas de clase, nin entre clase e clase.
6. O alumnado manterá unha actitude de respecto e consideración con todos os membros da comunidade escolar, non discriminando a ninguén por razóns de raza, idade, relixión, carácter, situación social ou económica. Non se permitirán insultos ou expresións lesivas á dignidade e integridade das persoas.
7. Os alumnos/as manterán debidamente limpo todo o recinto escolar, especialmente as súas respectivas aulas e mesas.
8. Para asistir ó centro os alumnos/as deberán observar unhas mínimas medidas de aseo e cun atavío axeitado.
9. Os participantes en actividades extraescolares ou viaxes de estudo, estarán obrigados a gardar as normas que se diten, ademais das deste regulamento.

7. FALTAS E SANCIONES

▶ As **faltas** poden ser leves, graves ou moi graves.

● Son faltas **leves**:

- 👤 As faltas inxustificadas de puntualidade.
- 👤 As faltas inxustificadas de asistencia a clase.
- 👤 O deterioro, non grave, causado intencionalmente, das dependencias do centro, do material deste ou dos obxectos e pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- 👤 Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o normal funcionamento das actividades do centro.
- 👤 Calquera outra non recollida aquí que a xuízo do mestre sexa considerada como leve.

● Son faltas **graves**:

- 👤 Chegar tarde a clase reiteradamente.
- 👤 Non facer deberes ou traballos que lle foran mandados.
- 👤 Non traer os libros, cadernos e demais materiais á clase.
- 👤 Non vestir roupa de ximnasia nas horas correspondentes.
- 👤 Pelexarse dentro do recinto escolar.
- 👤 Danar as paredes ou mobiliario do centro.
- 👤 Tirar pedras.
- 👤 Portar obxectos punzantes.
- 👤 Reincidir en falta leve.
- 👤 Calquera outra non recollida aquí e que a xuízo do profesor sexa considerada como grave.

● Son faltas **moi graves**:

- 👤 Faltar a clase sen xustificación, falsificar firmas ou datos.
- 👤 Faltar ao respecto e desobedecer manifestamente ao persoal do centro.
- 👤 Incumprir un castigo.
- 👤 Non respectar o edificio, as instalacións e o material do centro, danándoo, destruíndoo ou roubando premeditadamente.
- 👤 Calquera outra falta non recollida aquí e que a xuízo do profesor sexa considerada como moi grave.

▶ **SANCIONES:**

● Cando se trata de faltas **leves**:

- Amoestación privada.
- Amoestación por escrito, da que conservará constancia a Xefa de Estudos e que será comunicada aos pais.
- Realización de tarefas, se procede, que cooperen na reparación en horario non lectivo dos estragos non graves.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

- Cando se trata de faltas **graves**:
 - Realización de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, se procede, ou á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo por un período que non poderá exceder do comprendido entre dúas avaliacións.
 - Suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases por un período máximo de sete días lectivos, sen que iso implique a perda dalgunha avaliación e sen prexuízo de que comporte a realización de determinados deberes ou traballos no domicilio do alumnado.

- Cando se trata de faltas **moi graves**:
 - As sancións por faltas moi graves serán determinadas pola Comisión de Disciplina, previa aprobación do Consello Escolar.

8. CALENDARIO ESCOLAR DO CURSO 2017/18



DÍAS NON LECTIVOS E PERÍODOS VACACIONAIS

| MES | DÍA | CONMEMORACIÓN |
|----------|---|---|
| Outubro | Día 12 (venres) | Día da Festa Nacional de España |
| Novembro | Día 1 (xoves) | Día de Todos os Santos |
| | Día 12 (luns) | San Martiño |
| Decembro | Día 6 (xoves) | Día da Constitución |
| | Día 7 (venres) | Día do Ensino |
| | Día 21 (venres) → Último día de clases | Inicio das vacacións de Nadal. Volta ás clases: 8 de xaneiro (martes) |
| Marzo | Día 4, 5 e 6 (de luns a mércores) | Entroido |
| Abril | Día 12 (venres) → Último día de clases | Inicio das vacacións de Semana Santa Volta ás clases: 23 de marzo (martes) |
| Maio | Día 1 (mércores) | Día da Festa do Traballo |
| | Día 17 (venres) | Día das Letras Galegas |
| | Día 20 (luns) | Día Propio (pendente de confirmar) |
| Xuño | Día 21 (venres) Último día de clases | Fin de curso. |



DATAS DE ENTREGA DE NOTAS

| | | |
|----------|------------------------|-----------------------|
| Decembro | 20 de decembro (xoves) | Boletín 1ª avaliación |
| Marzo | 29 de marzo (venres) | Boletín 2ª avaliación |
| Xuño | 21 de xuño (venres) | Boletín 3ª avaliación |

9. ACTIVIDADES

▶ **EXTRAESCOLARES**

Serán organizadas e coordinadas pola ANPA. Entre outras, ofértanse xadrez, teatro, inglés e robótica.

▶ **CULTURAIS, FORMATIVAS OU RECREATIVAS:**

| | |
|----------|---|
| OUTUBRO | <ul style="list-style-type: none">• Campaña do Domund |
| NOVEMBRO | <ul style="list-style-type: none">• Celebración do Magosto |
| DECEMBRO | <ul style="list-style-type: none">• Concurso de Postais de Nadal• Festival de Nadal |
| XANEIRO | <ul style="list-style-type: none">• Semana da Infancia Misioneira• Celebración do Día da Paz |
| MARZO | <ul style="list-style-type: none">• Celebración do Entroido |
| ABRIL | <ul style="list-style-type: none">• Encontro Diocesán |
| MAIO | <ul style="list-style-type: none">• Acto conmemorativo das Letras Galegas |
| XUÑO | <ul style="list-style-type: none">• Excursións e celebracións de fin de curso |

OUTRAS: Participarase nas actividades que se consideren de interese propostas polo Concello ou calquera outra entidade.

| | | |
|--|--|--|
| | O alumnado de quinto e sexto de primaria participa no programa <i>Voz Natura</i> e <i>Prensa na Escola</i> e o alumnado de 3º e 4º na horta escolar. | |
|--|--|--|



10. HORARIOS

- ▶ As entrevistas cos titores e demais mestres especialistas serán con cita previa no seguinte horario:

MARTES:
De 16:00h a 17:00h

Para entrevistas fóra deste horario é preciso consultar previamente co profesor/a correspondente

- ▶ **Equipo directivo: Atención ao público.**

| | |
|---------------------|--|
| DIRECCIÓN | Luns: 13:10h - 14:00h Xoves: 09:00h - 09:55h Venres: 09:00h - 09:55h |
| XEFATURA DE ESTUDOS | Luns: 12:15h -13:10h Martes: 9:55h - 10:50h Xoves: 10:50h - 11:45h |
| SECRETARÍA | Martes, mércores e xoves: 10:50h - 11:45h |

11. SERVIZOS

- ▶ O **servizo de comedor** está xestionado por Calidus e coordinado polo Colexio San Pío X.



| | |
|------------------------|----------|
| Prezo do mes completo: | 97 € |
| Prezo días ocasionais: | 8 €/ día |

- ▶ **Acollida matinal:** este servizo funciona desde as 8:00h e está coordinado polo Colexio San Pío X.

| | |
|------------------------|---------|
| Prezo do mes completo: | 20 € |
| Prezo días ocasionais: | 3 €/día |



Para calquera información ou para poder facer uso destes servizos poden dirixirse á Dirección



goo.gl/fmy8ot



XUSTIFICACIÓN DE AUSENCIAS OU DEMORAS

Dna/D , pai, nai, titor/a de
..... **XUSTIFICO** que o meu fillo/a

Non asistiu ao centro Chegou con retraso* Deberá saír do centro*

Data(s): *Hora(s):

Motivo:

► Aos efectos oportunos asino esta comunicación.

Sinatura

Ourense, de de 20.....



XUSTIFICACIÓN DE AUSENCIAS OU DEMORAS

Dna/D , pai, nai, titor/a de
..... **XUSTIFICO** que o meu fillo/a

Non asistiu ao centro Chegou con retraso* Deberá saír do centro*

Data(s): *Hora(s):

Motivo:

► Aos efectos oportunos asino esta comunicación.

Sinatura

Ourense, de de 20.....

Solicitud de entrevistas (Modelo para fotocopiar)

Pódese descargar unha copia en PDF aquí ou na páxina web: colexiosanpiox.com

 goo.gl/fmy8ot



SOLICITUDE DE ENTREVISTA:

Titorías e atención a pais, nais ou titores legais

Dna/D, pai, nai, titor/a de
..... **SOLICITO** ser atendido/a
por vostede no día e hora que me indique.

Ourense, de de 20.....

Sinatura:

INFORMACIÓN A CUMPLIMENTAR POLO PROFESOR/A CORRESPONDENTE:

A entrevista realizarase o día/...../..... ás : horas.



SOLICITUDE DE ENTREVISTA:

Titorías e atención a pais, nais ou titores legais

Dna/D, pai, nai, titor/a de
..... **SOLICITO** ser atendido/a
por vostede no día e hora que me indique.

Ourense, de de 20.....

Sinatura:

INFORMACIÓN A CUMPLIMENTAR POLO PROFESOR/A CORRESPONDENTE:

A entrevista realizarase o día/...../..... ás : horas.

TAREFAS PARA O CURSO 2018/19

Esperta con ilusión! Seguro que aprenderás e ensinarás moitas cousas neste novo día.

Logo **almorza san e variado**; é a comida máis importante do día e a que fará que rendas mellor no cole. **Aséate** antes de saír da casa: dentes, peiteado...

Chega puntual e entra sorrindo. Saúda aos teus compañeiros e mestres. É o momento de contar as túas aventuras de onte pola tarde.

Observa se falta algún compañeiro na clase. Se algún leva **varios días sen vir** lembrete de **chamalo pola tarde** para ver que lle acontece. Preocúpate por el!

Aproveita ao máximo o tempo de **traballo na clase**: se o fas é probable que **non leves tarefas para a casa** ou que che resulte moito máis dadoo facelas.

Todas as materias son igual de importantes. Nunca se sabe a que te dedicarás no futuro! **Intenta desfrutar** con todas... e especialmente coa que **máis che guste**.

O recreo é especial e todo o mundo debe xogar. Observa se hai algún compañeiro que non o faga; de ser así convidado a facelo!

Respecta ao máximo a todos os compañeiros cos que xogas; se non o fas, quizais non queiran xogar contigo.

Nunca permitas que un compañeiro o pase mal por culpa doutros. **Axuda sempre** ao máis débil e non dubides en dicirillo ao teu mestre. **Sempre te escoitará e axudará!**

Os exames non son para aprobarte ou suspenderte; será o teu traballo e a túa actitude diaria o que así o determine. **Sé constante** no teu esforzo!

Pregunta sempre todo aquilo que dubides ou que desexes coñecer. **O coñecemento apréndese mellor** se se é dialogado entre todos.

Nunca te consideres “máis listo, mellor e máis guapo” que os teus compañeiros. **Absolutamente todos temos cousas** que aprender dos demais.

**TRATA AOS DEMAIS DO MESMO XEITO
QUE CHE GUSTARÍA SER TRATADO**



Colexio
SAN
PÍO X
Ourense



Avenida de Zamora, 98.
(32005 - Ourense)



Tel. / Fax: 988 221 127



cpr.sanpioX@edu.xunta.es



www.colexiosanpiox.com

Tamén estamos presentes nas
principais redes sociais.
@colexiosanpiox



YouTube

